



Denominación do título	Máster Universitario en Enxeñaría Informática
Campus	Campus de Elviña - A Coruña
Centro de adscrición	Facultade de Informática
Coordinador/a	Enrique Fernández Blanco enrique.fernandez@udc.es 881016014
Universidades e outros organismos participantes	Universidade da Coruña
Créditos	90 créditos - Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español/Galego
Páxina web	https://estudios.udc.es/gl/study/start/4502V02 https://muei.fic.udc.es

PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

40 prazas

REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Requisitos xerais:

1. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).
- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.



- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

2. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos alleos o EEES:

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas](#).
- DNI o pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso aos estudos de Máster debidamente [legalizado](#).
- Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de Máster ou de Posgrao.
- Certificación académica dos estudos realizados debidamente [legalizada](#), na que conste:
 - o A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
 - o As materias cursadas.
 - o A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
 - o A cualificación e a escala de cualificacións.
- [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.



Requisitos específicos:

Titulacións de acceso:

O acceso ao máster realizarase de acordo coa normativa establecida no [ANEXO I do Acordo do Consello de Universidades polo que se establecen recomendacións para a proposta polas universidades de memorias de solicitude do título oficial de Máster en Enxeñaría Informática, publicado no BOE de 4 de agosto de 2009:](#)

- Poderá acceder ao Máster vinculado co exercicio da profesión de Enxeñeiro en Informática, quen teña adquirido previamente as competencias que se recollen no apartado 3 do Anexo II do presente Acordo polo que se establecen as recomendacións para a verificación dos títulos universitarios oficiais vinculados co exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico en Informática, e a súa formación estar de acordo coa que se establece no apartado 5 do Anexo II antes citado.
- Así mesmo, permitirase o acceso ao Máster cando o título de grao do interesado acredite ter cursado o módulo de formación básica e o módulo común á rama, aínda non cubrindo un bloque completo do módulo de tecnoloxía específica e si 48 créditos dos ofertados no conxunto dos bloques de dito módulo dun título de grao vinculado co exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico en Informática, da cordo co presente acordo.
- Igualmente, poderán acceder a este Máster aqueles que estean en posesión de calquera título de grao sen prexuízo de que, neste caso, la Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Informática decida se poden acceder e estableza, no seu caso, os complementos de formación previa que estimen necesarios.

Idioma:

O estudantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Prioridade nas titulacións de acceso:

Establécese a seguinte relación de titulacións de acceso clasificadas en dous niveis de prioridade, en que cada nivel é preferente ao seguinte e sen que haxa distinción dentro de cada nivel:



- **Prioridade 1:**

- Grao en Informática ou en Enxeñaría Informática
- Enxeñaría Informática e licenciatura en Informática
- Enxeñaría Técnica en Informática e posterior titulación no Máster en Informática (UDC)
- Enxeñaría Técnica en Informática e posterior titulación no Máster en Enxeñaría de Sistemas Informáticos (UDC)

- **Prioridade 2:** Deberán matricularse adicionalmente de 30 créditos ECTS de complementos formativos

- Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión
- Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
- Diplomatura en Informática

Criterios de admisión:

Os estudantes que accedan a este título de máster serán admitidos en base ao expediente académico da titulación de grao e a súa experiencia profesional previa. Non se considera necesario realizar probas de admisión especiais para esta titulación.

Recoméndase ao alumnado que posúa un grao de coñecemento de inglés correspondente ao nivel B1, recollido no documento do Marco Común Europeo de Referencia sobre Coñecemento de Linguas, dada a existencia de seminarios que en ocasións poidan impartirse en inglés cando se reciban profesores ou profesionais invitados estranxeiros.

Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#).
- Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada pola persoa interesada, se houbese discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.
 - No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
 - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
 - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)



- Todos os documentos serán copias compulsadas.
- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsas.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.

Legalización de documentos:

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deben presentalos legalizados, pola vía diplomática, ou mediante a Apostila da Haia.

Para legalizalos por vía diplomática deben presentalos nos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediran os documentos.
- Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalizar os documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia, haberá que presentalos no:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediran los documentos.